

TEXTO 2

Pero, aínda que este sexa un estado de liberdade, non é, porén, un estado licencioso; aínda que o home neste estado teña unha incontrolada liberdade para dispor da súa persoa e propiedades, con todo, non ten liberdade para destruírse a si mesmo, ou menos aínda a calquera criatura que estea no seu poder, excepto no caso en que algunha razón máis nobre que a súa preservación o guíase. O estado de Natureza ten unha lei da Natureza para gobernarse, a cal obriga a todo o mundo, e esta é a razón, a cal ensina a todos os homes, só con que queiran consultala, que, sendo todos iguais e independentes, ningún debe danar a outro na súa vida, saúde, liberdade ou posesións; xa que, sendo todas as persoas a obra dun Creador omnipotente e infinito; todos serventes dun xefe soberano, enviados ó mundo baixo a súa orde e negocio, eles son a súa propiedade, a súa obra, e foron feitos para durar mentres el o queira, e non mentres a outro lle praza. E sendo creado con tales facultades, compartindo todos a mesma comunidade da natureza, non pode ser suposta ningunha subordinación entre nós que nos autorice a destruírnos uns a outros como se foramos feitos para outros usos, como as criaturas de inferior rango o foron con respecto a nós. Cada un está obrigado a preservarse a si mesmo e a non abandonar o seu posto por libre decisión, pola sinxela razón de que, cando a súa propia preservación non está en xogo, deberá, tanto como poida, preservar o resto da humanidade, e nunca, excepto para facer xustiza a un ofensor, roubar ou prexudicar a vida doutro, ou o que axude á súa preservación, liberdade, saúde, integridade ou bens. J.LOCKE: Dous Tratados sobre o goberno. (1.680-1.690). L.II: Sobre a verdadeira orixe, alcance e fins do Goberno Civil. Cap.2: Sobre o estado de Natureza.

1. Cales son os rasgos xerais que definen o estado de natureza, segundo Locke? Por que afirma o autor que o estado de natureza é un estado de liberdade, pero que non é un estado licencioso? Recolle unha cita por escrito do texto para avalar a túa resposta. Que é a lei de natureza? Que obrigacións impón esta lei aos individuos? En que frases do texto se da conta destas imposicións por parte da lei natural? Contesta a estas cuestións en base ao texto e en base aos teus coñecementos sobre a materia.
2. Que diferenzas básicas existen entre o estado de natureza e a sociedade civil ou política? Que atributos caracterizan á sociedade política?
3. Que dereitos naturais aparecen mencionados no texto? Con outras palabras, a que teñen dereito os individuos no estado de natureza? Recolle aquelas citas nas que se mencionen estas cuestións e trata de explicalas. Os dereitos naturais dos individuos son en sentido estricto dereitos políticos? Razoa a resposta.